

RESOLUCIÓN SOBRE A AMPLIACIÓN DE PERMANENCIA DO PR925A 2026 NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

O 5 de febreiro de 2026 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 16 de xaneiro de 2026, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e se convocan as subvencións do programa de axudas económicas individuais para persoas residentes no exterior para o ano 2026 (código de procedemento PR925A).

O artigo 8 da devandita Resolución establece que “o prazo de presentación de solicitudes será de dous meses. O prazo iniciarase ás 9.00 horas a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia e o último día de presentación de solicitudes finalizará ás 20.00 horas”. Así mesmo, no derradeiro parágrafo dispónse o seguinte: “se é preciso, poderase prolongar uns días o prazo de permanencia deste procedemento na sede electrónica da Xunta de Galicia, exclusivamente para os efectos de que as delegacións e demais entidades indicadas no artigo 7.1, en exercicio da autorización outorgada polas persoas solicitantes para facelo, poidan introducir os datos das solicitudes recibidas en prazo”.

Considerando que as solicitudes proceden dos países de residencia dos destinatarios (onde hai habilitadas determinadas persoas das Delegacións da Xunta e entidades colaboradoras para presentalas no seu nome na sede electrónica da Xunta), que en Bos Aires hai 5 días festivos antes da finalización do prazo e que en Cuba, debido aos frecuentes cortes de electricidade e a escaseza de petróleo, hai retrasos na subida dos expedientes á sede electrónica e na entrega da documentación por parte das persoas solicitantes, polo que moitas se acumularán os últimos días,

Resulta oportuno ampliar o prazo de permanencia en sede deste procedemento de xeito que permita ao persoal das delegacións da Xunta e demais entidades autorizadas introducir aquelas solicitudes recibidas dentro do prazo establecido na resolución de convocatoria que, por mor das circunstancias sobrevidas, non puideran dixitalizar e subir á sede electrónica da Xunta de Galicia durante ese período.

Polo tanto, en virtude das competencias atribuídas no artigo 15.7 da devandita Resolución do 16 de xaneiro e demais de xeral aplicación,

RESOLVO

Autorizar a permanencia na sede electrónica do procedemento PR925A ata o día 13 de abril ás 20.00 horas, aos efectos de que as persoas autorizadas poidan acabar de introducir as solicitudes recibidas en prazo.

Notifíquese ás delegacións da Xunta de Galicia e demais entidades autorizadas que para garantir a admisión das solicitudes electrónicas mecanizadas entre os días 7 ao 13 de abril, deberán achegar unha dilixencia onde fagan constar a data de entrada de cada expediente

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACION
Mazarelos, núm. 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com



na entidade, ou ben, inserir na copia da solicitude orixinal un selo da entidade e a devandita data de presentación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACION
Mazarelos, núm. 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com

